

DOC. 1 As paredes teñen a palabra

Relación de *graffitis* do Maio Francés

- Esaxerar é comezar a inventar.
- Baixo os lastros está a praia.
- Prohibido prohibir.
- Acabaredes todos estoupando de confortabilidade.
- Gozade agora e aquí.
- Sede realistas: pedide o imposible.
- Esquecede todo o que aprendestes. Comezade por soñar.
- Mirádevos, estades tristes.
- A imaxinación, ó poder.

DOC. 2 A revolta estudantil

Proclama do movemento do 22 de marzo. París, 4 de maio do ano 1968

Loitamos porque:

- Non queremos ser profesores ó servizo da selección da ensinanza, da cal levan a peor parte os fillos da clase obreira.
- Non queremos ser sociólogos fabricantes de slogans para as campañas electorais gobernamentais.
- Non queremos ser psicólogos encargados de facer funcionar os equipos de traballadores segundo os intereses dos amos.
- Non queremos ser científicos o traballo de investigación dos cales será utilizado en función dos intereses da economía do beneficio individual.
- Rexeitamos este futuro de "cans gardiáns". [...]
- Rexeitámo-los exames e os títulos que recompensen ós que aceptaron entrar no sistema. [...]

DOC. 3 Chamamento ós obreiros

Proclama do Comité de Acción *Loitas Obreiras e Estudiantís* feita en París en maio do ano 1968

¡¡Traballadores de París!

Despois dunha semana de loitas continuas, os estudantes de París, onte pola tarde, ocupámo-la Sorbona. E estamos decididos a quedar.

Ata agora impuxérannos unha educación burguesa, o contido da cal non podíamos criticar, e que nos preparaba como futuros dirixentes e instrumentos da vosa explotación.

Ata agora criamos que poderíamos resolve-los nosos problemas polos medios tradicionais, como os partidos políticos, a elección de representantes e as manifestacións. A experiencia destes días amosóuno-la ineficacia destes medios e que tan só a acción de masas, dirixidas desde a base, pode obrigar ó poder a retroceder.

[...] Entre os vosos problemas e os nosos hai semellanzas profundas. ¿Quen decide as normas e os ritmos? ¿Quen decide os obxectivos da produción? En todas partes a regra é a mesma, só se vos pide que executéde-las ordes da xerarquía. Sindicatos e partidos da oposición non vos propoñen endexamais nada esencialmente diferente. É sempre unha minoría a que decide en nome voso tanto na produción como na sociedade.